

**MOECHE**  
CONCELLO



**REGULAMENTO DO CONSELLO DA  
INFANCIA E ADOLESCENCIA DO  
CONCELLO DE MOECHE**

## **REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE MOECHE**

Programa Cidades Amigas da Infancia Unicef  
CONCELLO DE MOECHE

### **Preámbulo**

A Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada por Nacións Unidas en 1989 e ratificada por España en 1990, recolle o dereito dos nenos e nenas a ser escoitados e tidos en conta en todos os asuntos que lles concirnen. O recoñecemento dos nenos e nenas como suxeitos do dereito a participar de forma efectiva en distintos ámbitos encóntrase explícito nos artigos da Convención comprendidos entre o 12 e o 17:

- Artigo 12: a opinión do neno e da nena.
- Artigo 13: a liberdade de expresión.
- Artigo 14: a liberdade de conciencia, pensamento e relixión.
- Artigo 15: a liberdade de asociación.
- Artigo 16: a protección da vida privada.
- Artigo 17: o acceso a unha información axeitada.

A ratificación da Convención obriga ao seu cumprimento e por iso os distintos niveis da Administración foron adecuando progresivamente o sistema de Atención social á infancia e Adolescencia aos principios que esta establece. Tamén dende a Administración Local hase de traballar intensamente en favor destes dereitos.

A partir da aprobación da Convención, as distintas lexislacións estatais e autonómicas foron integrando nas súas lexislacións o contido destes artigos. Repasando o articulado da lexislación española, todas as leis reflectiron de forma explícita o artigo 12 da Convención.

A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, establece unha ampla serie de dereitos no título i:

- Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe (art.º 4).
- Dereito á información (art.º 5).
- Dereito á liberdade ideolóxica (art.º 6).
- Dereito de participación, asociación e reunión (art.º 7).
- Dereito á liberdade de expresión (art.º 8).
- Dereito a ser oído e escoitado (art.º 9).

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social. A Constitución española no seu artigo 9.2

estabelece que lles corresponde aos poderes públicos facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO.- DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1.- Creación**

De conformidade co que establece a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e a lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, créase o Consello Municipal da Infancia e Adolescencia do Concello de Moeche -CLIA- que terá as competencias, as funcións a estrutura que establece este regulamento.

### **Artigo 2. - Natureza**

O Consello Municipal da Infancia e Adolescencia do Concello de Moeche é un órgano consultivo e asesor, de carácter vinculante para o Concello de Moeche, en todas as cuestións que supoñan o desenvolvemento das súas funcións e competencias que redunden nun maior benestar social e na calidade de vida dos nenos e nenas do termo municipal. Pretende constituírse como un espazo que facilite a coordinación entre as administracións implicadas no eido dos e das menores, e que contribúa ao establecemento de canles para a súa participación.

O Consello Municipal da Infancia inspírase na Convención dos Dereitos do Neno e xorde como unha necesidade de coordinar as actuacións nesa materia para garantir eses dereitos, entre os que se inclúe o da participación dos nenos e nenas en ditas actuacións. Este Consello non suplirá a representación que, para o sector, poida implantar calquera norma de carácter superior.

### **Artigo 3.- Finalidade**

Terá como finalidade esencial atender ás necesidades e intereses do colectivo de nenos e nenas de Moeche, favorecendo a súa participación activa na vida municipal.

### **Artigo 4.- Funcións**

#### **4.1 Serán funcións do Consello Municipal da Infancia do Concello de Moeche as seguintes:**

1. Exercer de órgano de participación e de canle de comunicación entre os nenos e nenas e o Concello.
2. Recibir información sobre aquelas propostas ou actuacións que o Concello leve a cabo en calquera tema que poida ser de interese para a infancia ou para a adolescencia.
4. Propoñerlle ao Concello as medidas que o Consello Municipal da Infancia e Adolescencia considere oportunas na busca do benestar dos nenos e nenas de Moeche.
5. Impulsar a colaboración con outras Administracións públicas competentes na materia, así como con aquelas entidades que desenvolvan actividades no eido dos nenos e nenas.
6. Impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia.
7. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos plans de infancia vixentes e futuros.
8. Cooperar coas entidades públicas e privadas no desenvolvemento de programas, actividades e campañas informativas e de divulgación relacionadas coa infancia e a adolescencia.
9. Favorecer a participación activa, tanto no ámbito social, político como cultural, de todas as persoas menores actuando como interlocutor válido do colectivo ante os poderes públicos.

10. Fomentar e facilitar a coordinación e o intercambio de ideas, análise, reflexións, así como a colaboración con outras entidades ou asociacións que se ocupen de temas semellantes con independencia do súa adscrición xeográfica.

11. Designar as comisións de traballo que se consideren convenientes para temas concretos, así como as persoas que as integran.

12. Solicitar puntualmente o asesoramento de calquera persoa ou entidade respecto a aqueles aspectos que se considere conveniente.

4.2 O Consello poderá solicitar tamén a información necesaria para garantir o cumprimento das funcións encomendadas e deberá emitir ditame sobre os asuntos que o Concello lle solicite, sempre que afecten ao ámbito municipal e estean relacionados con temas da infancia ou a adolescencia

4.3. Todas as funcións enumeradas atribúense sen prexuízo das que correspondan a outros órganos de participación legalmente restablecidos.

## **CAPÍTULO SEGUNDO.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN**

### **Artigo 5.- Estructura**

O Consello Municipal da Infancia e Adolescencia estará composto por: Presidencia, Pleno do Consello, Vogais e Secretaría.

### **Artigo 6. -Presidencia.**

A Presidencia será exercida pola persoa que detente a Alcaldía ou a Concellería na que delegue. Na súa labor, a Presidencia será asistida de xeito rotatorio por un neno ou unha nena previamente elixido ou elixida de entre os membros do Consello.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Representar o Consello e dirixir a súa actividade.
2. Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello e fixar a súa orde do día.
3. Convocar con voz pero sen voto expertos ou expertas nas materias a tratar na orde do día.
4. Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e dirimir as votacións en caso de empate co seu voto de calidade.
5. Garantir a participación das nenas e nenos do Consello.
6. Establecer as quendas de intervención, dar e quitar a palabras e exercer e moderar as sesións.
7. Velar polo cumprimento dos acordos adoptados no Consello.
8. Coordinar a relación entre o Consello e os órganos de goberno e xestión do Concello.
9. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes ao seu labor de Presidencia do Consello, ou lle sexan encomendada por este.

### **Artigo 7. -Pleno do CLIA**

7.1. Conforme co aprobado polo Consello Pleno en sesión ordinaria de data 19 de outubro de 2017, estará integrado por:

- A Presidencia.

- Os e as vogais que determina o artigo 8 do presente Regulamento.

a) Presidencia: alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue

b) Vogais:

1 Dous representantes das concellerías de Cultura, Deportes e Mocidade e Normalización Lingüística, Medio Ambiente , Benestar Social e Educación

2 Un/unha representante de cada grupo municipal existente na Corporación

3 Dúas persoas representantes da Asociación de Nais e Pais do CEIP San Ramón

4 Un representante do profesorado do CEIP San Ramón

5 As nenas e nenos representantes do concello, nun máximo de 20, entre 8 e 17 anos

c) Secretaría: a titular da Secretaría Xeral do Concellou ou funcionaria ou funcionario/a en quen delegue

- Un representante de Unicef en calidade de asesor/a

A Secretaría.

7.2. Todas as persoas que integran o Pleno terán dereito á voz e voto, a excepción da secretaría, que só terá o primeiro de eles.

### **Artigo 8. -Grupo municipal de Participación infantil . Vogalías menores de idade**

**8.1** As vogalías exercidas polos menores de idade constitúen o Grupo municipal de participación infantil de Moeche. Estará integrado por todos os nenos, nenas e adolescentes que desexen formar parte, coa finalidade de facer efectivo o seu dereito a ser escoitados en relación con todos os asuntos municipais que lles concirnen. Se este grupo de participación infantil superase o número de 20, límite de vogalías menores de idade do CLIA, rotarán anualmente na súa condición de membro do CLIA

8.2. Son requisitos para formar parte deste grupo e ser vogal menor:

— Residir en Moeche.

— Ter menos de 18 anos.

— Voluntariedade e contar co consentimento de quen ostente a patria potestade ou a garda e custodia.

8.3. O Grupo municipal de participación infantil se reunirá polo menos unha vez ao mes durante os meses lectivos escolares.

8.4. O Concello de Moeche realizará actividades de información para que pasen a formar parte de este grupo todos os nenos e nenas do concello que o desexen sen ningún tipo de discriminación e sen prexuízo do límite de 20 integrantes do CLIA.

8.5 Estas vogalías serán exercidas polos nenos, nenas e adolescentes, con idades comprendidas entre os oito e dezasete anos, elixidos democraticamente.

8.6 Os nenos/as representantes do centro educativo do noso municipio serán elixidos/as democraticamente entre os propios compañeiros/as, e cuxa representación terá unha vixencia de dous anos.

## **Artigo 9 Vogais**

### **9.1 Funcións dos e das vogais:**

1. Asistir ás reunións do Consello e ás comisións que no seu seo puidesen formarse.
2. Manifestar a súa opinión relativa aos asuntos tratados no Consello.
3. Preparar as reunións de Consello solicitando para iso a opinión do grupo en cuxo seo foi elixido e do que será voceiro.
4. Transmitir os debates e acordos do Consello ao seu grupo de orixe.

**9.2** O mandato das vogalías será de dous anos, podendo ser reelixidas por outros dous anos máis.

**9.3** Todas as persoas menores de idade que formen parte do Consello deberán acreditar ante a Secretaria do Consello que teñen unha autorización dos seus responsables legais para poder formar parte deste.

**9.4** O Consello poderá solicitar a participación e asesoramento de persoas expertas cando así o considere oportunidade ou grupo político que o nomea, no caso das persoas adultas representantes de entidades ou institucións ou grupos.

### **9.5 Cesamento dos vogais**

Os vogais cesarán como tales:

- a) Por petición propia.
- b) Por proposta da entola falta reiterada e non xustificada de asistencia a tres reunións consecutivas do pleno do Consello.
- d) Ao cumprir os 18 anos no caso dos e das vogais menores de idade.

## **Artigo 11. -Secretaría do Consello.**

11.1 A secretaría do Consello correspondera á persoa que ostente a secretaría do Concello de Moeche ou funcionario ou funcionaria en quen delegue. A persoa será asistida de xeito rotatorio por unha nena ou neno que se elixira entre as persoas que compoñen o Consello.

11.2 Correspóndelle á secretaria:

- a) Asistir ás sesións do Consello, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus compoñentes, achegando a documentación necesaria.
- c) A secretaría do Consello someterá a acta á aprobación deste na seguinte sesión que se celebre. As actas serán públicas e estarán a disposición de todas as persoas que o requiran nun prazo non inferior a quince días naturais despois de celebrada a sesión. As actas serán publicadas no sitio web municipal e estarán a disposición da cidadanía nas oficinas de atención á cidadanía.
- d) Expedir certificacións dos ditames e acordos aprobados.
- e) Custodiar e remitir copia das actas.
- f) Calquera outra función inherente ao seu cargo.



### **Artigo 11. Ampliación**

A proposta de 3/5 partes do Consello ou da Presidencia, os/as membros/as do Consello pódense ampliar coa representación doutras entidades que traballen no eido dos nenos e nenas. Para tal efecto a incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Presidencia do Consello Municipal da infancia no Rexistro Municipal, que dará traslado da petición ao Consello.

Os/as integrantes do Consello Municipal da Infancia serán renovados/as ao inicio de cada novo mandato da Corporación Municipal, agás os e as menores, que variarán a súa representación cada dous anos. Se un/unha representante dos organismos, asociacións ou entidades a que se fixo mención deixase de formar parte da súa organización, ou esta desaparecese ou cambiase de natureza ou finalidade, o/a representante causará baixa inmediata no Consello.

### **Artigo 12. -Funcionamento.**

#### **a) Acordos.**

Os acordos ou as propostas do Consello adoptaranse por maioría simple, salvo cando se propoña a modificación deste regulamento, que será por maioría absoluta.

#### **b) Réxime de sesións.**

O Consello reunirse dúas veces ao ano (segundo trimestre e cuarto trimestre) en sesión ordinaria e, en sesión extraordinaria, sempre que a presidencia o considere necesario ou o solicite a cuarta parte dos/as membros/as. A convocatoria para as sesións ordinarias realizarase cunha antelación mínima de seis días, e irá acompañada da orde do día e, se procede, da documentación correspondente. No caso de sesións extraordinarias, a antelación mínima para a súa convocatoria será de corenta e oito horas. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando asistan a maioría simple dos/as membros/as que legalmente compoñen o Consello, e en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorre polo menos a súa terceira parte, non podendo ser nunca inferior a tres persoas.

A reunión ordinaria do cuarto trimestre coincidirá coa celebración do 20 de novembro, Día internacional dos dereitos da infancia

#### **c) Voto.**

O voto dos/as membros/as do Consello é persoal e indelegable. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación, e de persistir o empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

#### **d) Asistentes.**

A presidencia, en función dos temas a tratar, poderá convidar ao Pleno do Consello a cantos técnicos municipais considere oportuno co fin de que interveñan nos termos en que se lles solicite. Igualmente poderá convidar a persoas de recoñecida solvencia e interese no eido dos nenos e nenas, que poderán participar nas sesións do Consello como asesores, con voz pero sen voto.

#### **e) Comisións de traballo.**

O Consello Municipal da Infancia poderá acordar a constitución de comisións de traballo, con carácter temporal ou permanente, segundo os seus intereses, necesidades e posibilidades, formando parte das mesmas as persoas designadas que formen parte do Consello.

Logo de vista e aprobada por maioría do Consello a proposta formulada, a Presidencia nomeará o/a coordinador/a de cada comisión de traballo. Serán competencias do/a coordinador/a impulsar e coordinar as actuacións da comisión correspondente así como exercer a súa representación.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia para asesorar ao Concello, á Alcaldía e que deberán remitir ao Pleno do Consello para dar conta, ou se é o caso, para ser obxecto de debate e estudo.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

O Consello Municipal da Infancia aprobará este regulamento, que deberá ser posteriormente ratificado polo Pleno da Corporación Municipal e publicado no Boletín Oficial da Provincia

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

En todo o non previsto por este regulamento, correspóndelle á Presidencia do Consello adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras deste, informará ao Consello na seguinte sesión para a súa ratificación, e proñerá, se procede, a correspondente modificación do propio regulamento.